

E O ANO TRINTA E OITO

1

Era o ano trinta e oito,
despois de acaba-la guerra,
e as mociñas de Piñeiro
levan o pelo á perrera.

2

E o vinte e tres de agosto
foron a Curtis á feira
e María das Lagaras
andaba moi lebracheira.

3

E a María da Lagaras
como é tan señorita
foiche recorta-lo pelo,
foiche á casa de Anita.

4

E na casa das Lagaras
houbo de haber unha festa;
ó verlle o pelo a María
pensaron que era unha mestra.

5

Saíu a tía Carmela,
como era tan guiandeira,
díxolle á súa María:
habémosche dar carreira.

6

Saíu Anxo do celeiro,
o caudillo das mulleres,
e preguntoulle a María:
dinos que carreira queres.

7

E respondeulle María
coa súa fala tan lista:
papaíño, se me deixa,
eu quixera ser modista.

8

Cando Carme teña nenos
heille de facer dous puchos;
tamén Manuela de Neira
vai coa roda dos cartuchos.

9

E a criada de Neira
coma ela non hai ningunha
cando vai pra casa a Buazo
pensan que vén da Coruña.

10

As mociñas de Piñeiro
todas son rapazas novas
e quen lles arroca o pelo
é Conde das Casas Nova.

♩ = 69 | CANTO NARRATIVO

